



**SOCIEDADE GALEGA DE SEXOLOGÍA**

[www.sociedadegalegasexologia.com](http://www.sociedadegalegasexologia.com)

e-mail: [sogasex@gmail.com](mailto:sogasex@gmail.com)

**A Sociedade Galega de Sexoloxía**, tendo en conta os seus estatutos, organiza a III Xornada Galega de Saúde Sexual para seguir coa labor de formación continuada dos asistentes a I e II Xornadas que con notabel éxito celebráronse en febreiro 06 na cidade de Vigo ou en outubro 08 en Santiago de Compostela. Ademais con esta xornada intentaremos recoller e expoñer as propostas sobor temas pendentes e obradoiros que foron solicitados nas las conclusións do XI Congreso Español de Sexoloxía celebrado en setembro 2010 na cidade de Santiago de Compostela. Nós contactamos cunha serie de profesionáís da Sexoloxía de recoñecido prestixio e experiencia no campo da Sexualidade Humana. Nesta ocasión escollimos temas moi intresantes cunha dobre finalidade teórica e práctica como "*As Relacions de Parella nun Mundo en Crise*", "*A Sexualidade e a Educación*", "*A Agresión Sexual a Mulleres*", "*A Sexualidade nos Maiores*" o "*A Imaxe do Desexo*", ademais se complementará con actividades interactivas mediante cuatro obradoiros.

Estas Xornadas pretenden dar unha clara e verdadeira formación os distintos profesionáís interesados na Sexualidade Humana, principalmente o Persoal Sanitario e Docente, así como unha actualización para os Psicológos Clínicos alen do público en xeral interesado nestos temas, con obxeto de que teñan unha oportunidade de aumentar e difundir os coñecementos que van adquirindo nos seus medios de traballo, enriquecendo a Saúde Sexual de eles mesmos e tamen dos que lles rodean. Con este evento pretendemos, unha vez máis, involucrar a Administración Pública para que recoñezca e facilite o Derecho a Saúde Sexual que todos os cidadáns temos, avalado pola OMS dende 1974, e coidar dela.

Esperamos ter unha asistencia algo maior que en Santiago de Compostela (ao redor dos 100 participantes) ao ser a III Edición, contar coa maioría dos asistentes ás anteriores Xornadas e ao tentar realizar unha boa campaña publicitaria en toda a Comunidade Autónoma.

Por iso, convidámosvos a asistir e participar connosco neste evento que organizamos bianualmente xa que estamos seguros obteredes unha mais completa información para iniciavros nesta disciplina e outros, mais veteranos, poderán seguir ampliando os seus coñecementos e aptitudes para ser aplicados na súa vida persoal e/ou profesional.

Solicitouse a Declaración de Interese Sanitario á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Para mais información dirixirse á web [www.sociedadegalegasexologia.com](http://www.sociedadegalegasexologia.com) ou ao e-mail da Asociación [sogasex@gmail.com](mailto:sogasex@gmail.com)